

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC

D.L.: C-826-06

SUMARIO

[1-6] NOVAS

[3] **Feira Galega das Artes Escénicas**

[4] AGADIC

[4] Centro Dramático Galego

[5] Centro Coreográfico Galego

[6] Escola de Altos Estudos Musicais

[6] NOVIDADES EDITORIAIS

[7] AXENDA

[8-9] ALERTA!

[10-11] E_SCENA EN CIFRAS



Podes navegar por e_scena premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

O NOVO ORGANISMO, QUE SUCEDE AO IGAEM, PRINCIPIA A SÚA ACTIVIDADE DE ESPECIALIZACIÓN NAS POLÍTICAS DE FOMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL CULTURAL

O CONSELLO DA XUNTA NOMEOU COMO DIRECTOR DA AGADIC A MIGUEL MARTÍN FERNÁNDEZ

A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS INICIA O SEU FUNCIONAMENTO

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) é xa unha realidade desde o pasado 10 de xuño, data na que o Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a súa creación por Lei do Parlamento. O novo organismo, que sucede ao IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), iniciou a partir dese momento o seu funcionamento como instrumento administrativo especializado da Xunta para o desenvolvemento das políticas de fomento da produción e do tecido empresarial cultural, tanto no interior como no exterior do país.

A creación da AGADIC supón un importante banzo no redeseño xeral da propia estrutura orgánica da Consellaría de Cultura e Deporte, departamento ao que queda adscrita; e a súa materialización suporá a atención específica, desde o punto de vista do valor económico, aos sectores editorial, audiovisual, multimedia, escénico, musical e de artes plásticas.

[continúa na pantalla seguinte]

[vén da pantalla anterior]

O Consello da Xunta nomeu, na súa xuntanza do 26 de xuño de 2008, a Miguel Martín Fernández como director da AGADIC, quen até ese momento viña desempeñando funcións como xerente do IGAEM. Como titular do órgano de goberno executivo, entre as súas tarefas correspóndelle a elaboración do proxecto de estatuto, no que se desenvolverá a estrutura interna da Axencia.

Os destinatarios da AGADIC son as empresas culturais privadas, o que inclúe aos empresarios individuais e ás distintas formas de sociedades mercantís recoñecidas no Dereito galego. Estas empresas hanse dedicar con carácter principal á produción, distribución ou comercialización de produtos culturais incorporados en calquera clase de soporte, así como de espectáculos en vivo, e de factores de produción exclusivamente destinados ao mercado cultural.

LÓXICA TRANSVERSAL

A pesar da diversidade de manifestacións culturais nas que incidirá a AGADIC, a conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, explicou no peche do debate parlamentario, previo á aprobación da Lei de creación, que a lóxica de traballo da Axencia non vai ser sectorial, senón de atención a determinadas fases da cadea de valor cultural. “Non será un IGAEM ampliado co libro e o audiovisual, senón un organismo que atenderá á potenciación da produción e distribución cultural de maneira transversal a todos os sectores culturais que producen bens e servizos”, especificou.

Neste sentido, a AGADIC vai ser tamén o elemento de confluencia das consellarías de Cultura, Economía e Industria para o desenvolvemento dunha política específica orientada a conseguir os obxectivos devanditos, que contará con representación das citadas tres consellarías no seu órgano de goberno colexiado.

Para o cumprimento dos seus fins, a Axencia cooperará coas empresas na achega de factores produtivos, no incremento da oferta de bens e servizos de calidade e na asignación de ingresos suficientes e estables. A súa actividade realizarase, ademais, favorecendo a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos singularizadores dentro da cultura globalizada, e como resposta aos novos retos tecnolóxicos e mercantís impostos pola era dixital.

ACCÍONS CONCRETAS

Modelos de apoio xa iniciados, como o crédito cultura, a adxudicación continuada anual nalgúnhas modalidades de subvención no ámbito das artes escénicas e musicais; e outras de nova implantación, como as axudas reintegrables ou as denominadas “axudas automáticas” a producións audiovisuais, son algúns instrumentos cos que se dotará a nova entidade para levar a cabo os seus cometidos.

A AGADIC aglutinará as anteriores accións e promoverá outras moitas na mesma liña. Así, apoiará a creación e consolidación de empresas do sector cultural e o establecemento de colaboracións entre elas, ademais da distribución e comercialización dos produtos dentro e fóra do país. Para isto poderá establecer marcas de re-



Ánxela Bugallo, durante o debate parlamentario sobre a AGADIC

ferencia e campañas publicitarias para reforzar a posición dos produtos culturais galegos. Así mesmo, poderá participar en consorcios, conceder subvencións e favorecer a obtención de créditos en condicións vantaxosas, para o que actuará como intermediaria entre as empresas e o IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica), en especial no caso de enfrontar grandes proxectos desde a iniciativa privada.

Para mellorar a capacidade das empresas, a AGADIC impulsará planos formativos dirixidos a incrementar a preparación técnica e empresarial dos seus profesionais, en especial nas funcións de xestión e no emprego de novas tecnoloxías. Potenciará especialmente os programas de investigación e desenvolvemento cultural que faciliten a incorporación das empresas culturais galegas á sociedade do coñecemento.

ORGANIZACIÓN

Organizativamente, a Lei suxeita á AGADIC a un réxime propio, que combina o funcionamento en réxime de dereito privado co funcionamento

en clave xurídico-pública, en especial para a formación da vontade dos seus órganos, o exercicio das potestades administrativas que se lle atribúen e cando así o demande a legalidade vixente.

Os seus órganos de goberno son o Consello de Dirección e a Dirección. O Consello de Dirección encargárase de aprobar as liñas directrices da Axencia, así como de controlar e de avaliar a súa actividade ordinaria. Estará presidido pola persoa titular da consellaría con competencias en materia de cultura.

Para garantir o coñecemento da realidade das industrias culturais e as súas necesidades, crearase un Consello Asesor do que formarán parte as asociacións e agrupacións máis representativas dos sectores culturais galegos.

O Centro Coreográfico Galego, o Centro Dramático Galego e a Escola de Altos Estudos Musicais quedan adscritos á AGADIC de xeito provisional, en tanto non se cree un ente específico para a xestión e coordinación dos centros de produción cultural de titularidade pública.



FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS, 2008

SELECCIONADOS OS 25 ESPECTÁCULOS PARA O CARTEL DE EXHIBICIÓN

Un total de 25 espectáculos –14 de teatro para adultos, oito de teatro para público infantil e tres de danza– conforman o cartel artístico da Feira Galega das Artes Escénicas, que se desenvolverá do 13 ao 17 de outubro en cinco espazos de Compostela. Estas propostas, das que 20 corresponden a compañías galegas, tres proceden de Portugal e dúas de Euscadi, foron elixidas a través de dúas vías: en función dos niveis de distribución na Rede Galega de Teatros e Auditorios, e dos criterios de calidade, innovación e actualidade avaliados por unha comisión de selección artística.

A organización traballa agora na concreción do programa de exhibición, ao tempo que mantén aberto até o vindeiro 15 de xullo o prazo de inscrición de programadores, distribuidores, produtores e demais profesionais interesados en acudir a esta gran cita co sector escénico galego. Xunto coa asistencia aos espectáculos, a acreditación dá acceso igualmente ao resto das actividades da Feira 2008, que este ano terá a súa sede central no Auditorio de Galicia.

Así, este espazo acollerá a oficina de coordinación, dúas mesas de debate,

un dos escenarios de exhibición, o restaurante e unha zona de *stands* para a que xa están formalizadas 16 reservas a cargo de institucións (o Goberno vasco, en calidade de comunidade autónoma convidada nesta edición), asociacións (Asociación de Libreiros, Escena Galega e Magos Profesionais de Galicia) e empresas escénicas (Artesán Teatro, CaChuzo Teatro, Caramuxo Teatro, Compañía Femme Fatale, Eme2, Espello Cóncavo, La Imagina Machina, Os Monicreques de Kukas, Pistacatro, Talía Teatro, Teatro Galileo e Títeres Cachirulo).

MESAS DE DEBATE

Canto ás mesas de debate, a primeira delas celebrarase o 14 de outubro baixo o título “Creación de públicos”, para o que se contará coas intervencións como relatores de Grego Navarro de Luis, especialista en xestión de públicos pola Universidade de Warwick (Reino Unido); Ze Rui, director artístico de Trigo Limpo-Acert (Tondela, Portugal); Agustín Lorenzo, programador do Teatro Rosalía Castro da Coruña; e Miguel Varela Gorgojo, programador do Teatro Bergidum de Ponferrada. Miguel Alfaya, programador do Teatro Municipal Área Panorámica de Tui será o encargado de moderar esta primeira mesa, mentres que Ana Barba, programadora do Auditorio das Pontes, será a moderadora da segunda: “Danza a escena”, que terá lugar o día 15. Neste caso, os relatores serán Esther Vendrell, pedagoga e investigadora; Gonzalo Centeno, programador do Teatro de Barakaldo; e Pablo Rodríguez, xerente do Auditorio de Galicia.



www.feiradasartescenicas.com

CARTEL DA FEIRA

Teatro para público adulto

Companhia do Chapatô (Portugal)	<i>Drákula</i>
Lagarta, Lagarta	<i>Aeroplanos</i>
Matarile Teatro	<i>Animais artificiais</i>
Ningures Produccións	<i>Bailadela da morte ditosa</i>
Os Monicreques de Kukas	<i>7 contos capitais</i>
Peripecia (Portugal)	<i>Novecentos. O pianista do océano</i>
Pt Excéntricas & Famílie Flöz	<i>No coment</i>
Sarabela Teatro	<i>Dáme veneno</i>
Talía Teatro	<i>E ti, quen vés sendo?</i>
Teatro do Atlántico	<i>Unha primavera para Aldara</i>
Teatro do Morcego	<i>O club da calceta</i>
Teatro do Noroeste	<i>Extrarradios</i>
Teatro Galileo	<i>Náufragos</i>
Voadora	<i>Periferia</i>

Teatro para público infantil

Artello Teatro alla Scala 1:5	<i>Polgariño</i>
Berrobambán	<i>Boas noites</i>
CaChuzo	<i>Game over</i>
Galitoon Productions	<i>Babilglub</i>
Katarsis, Educación e Teatro	<i>Pacama</i>
Marie de Jongh (Euscadi)	<i>¿Por qué lloras Marie?</i>
Títeres Cahirulo	<i>Tipico Tápico</i>
Trigo Limpo Teatro Acert (Portugal)	<i>Andar nas nuvens</i>

Danza

Bstudio	<i>Sono silente</i>
Kukai-Tantaka (Euscadi)	<i>Hnuy illa...</i>
Nova Galega de Danza	<i>Tradicción</i>

BONIFICACIÓNS DE ATA O 40% Á CONTRATACIÓN EXTERIOR

A Feira busca favorecer a contratación de espectáculos galegos para a súa distribución fóra de Galicia durante o ano 2009 a través do seu programa de bonificacións, que este ano contempla descontos do 40 por cento para teatros e auditorios públicos ou privados non galegos, e entidades organizadoras de festivais, certames ou feiras; e do 30% para xestoras de redes públicas. Esta porcentaxe increméntase nun 10 por cento no caso de que as solicitantes sexan entidades procedentes de Euscadi.

As bonificacións, que deben solicitarse durante a celebración desta edición da Feira Galega das Artes Escénicas, aplicaranse ás entidades que contén con representación entre os asistentes ao evento. Establécese, ademais, un mínimo de contratación de 2 espectáculos ou 2 funcións para os teatros, auditorios, festivais, certames e feiras, e de 6 función para as redes de distribución.

A AGADIC COLABORA COA SGAE NUN CURSO A CARGO DE ROBER MURO

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) colabora coa Sociedad General de Autores (SGAE) para poñer a disposición dos profesionais galegos o curso "Produción, xestión e distribución de espectáculos", que será impartido polo produtor teatral e consultor cultural Rober Muro.

O curso, que abrangue 96 horas lectivas, céntrase na práctica profesional e está destinado a xestores culturais, alumnos e profesores das escolas de formación escénica, membros de compañías de danza e teatro, directores e intérpretes.

A iniciativa pretende facer fronte á necesidade de formación e cualificación específica en temas de xestión, produción e comercialización de es-

pectáculos escénicos. Tenta dotar, así mesmo, de instrumentos precisos –sobre todo prácticos, pero tamén teóricos– para desenvolver calquer tipo de proxecto escénico.

As clases terán lugar na sede da SGAE en Santiago en horario de mañá e tarde (de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00) os días 22 e 29 setembro; 6, 13, 20 e 27 de outubro; 3, 10, 17 e 24 de novembro; e 1 e 15 de decembro.

Están previstas un máximo de 40 prazas e a preinscrición pode realizarse até o 11 de setembro, para o que os aspirantes deberán remitir a ARTERia Noroeste (mail: gnieves@sgae.es ou fax: 881 031 434) o boletín correspondente, xuntando un breve currículo e unha carta explicando os obxectivos que persegue no curso. A SGAE comunicará o 15 de setembro a listaxe de admitidos, que deberán pagar entre 300 e 350 euros para formalizar a inscrición.

Rober Muro é tamén doutor en Historia e profesor de produción teatral no Master de Xestión Cultural da Universidade Carlos III e no Master en Xestión de Proxectos e Políticas Culturais da Universidade de Zaragoza.

+ info en www.sgae.es

UN TOTAL DE 57 TEXTOS OPTAN AOS PREMIOS LITERARIOS NO EIDO DRAMÁTICO

Un total de 57 textos orixinais e inéditos concorren á edición 2008 dos tres premios literarios no eido dramático que foron convocados polo IGAEM o pasado mes de febreiro.

Rematado o prazo de recepción de obras, figuran rexistradas 31 pezas que se presentan ao XVII Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, 15 ás dúas modalidades (infantil e adultos) do V Premio Barriga Verde de Texto de Teatro de Monicreques e 11 para o III Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil.

A principal novidade da presente convocatoria é o incremento total da dotación económica até os 24.000 euros, así como a unificación en 6.000 euros das contías destinadas a cada unha das catro obras que poden chegar a integrar o palmarés deste ano. A concesión implica adicionalmente a edición dos textos dentro das coleccións dramáticas abertas en réxime de coedición con distintas empresas galegas.

Dáse a circunstancia de que os premios fixeron a súa convocatoria a través do IGAEM pero será a AGADIC a que comunicará os galardoados en cada categoría, ao estar o ditame do xurado previsto para o mes de outubro de 2008.

O GDG LEVA 'NOITE DE REIS. OU O QUE QUEIRADES' AO FESTIVAL DE ALMAGRO

O Centro Dramático Galego retoma este mes a súa primeira produción da temporada, *Noite de Reis. Ou o que queirades*, tralo gran éxito de público obtido por esta versión da obra William Shakespeare, realizada e dirixida por Quico Cadaval, durante o seu primeiro período de distribución de setembro de 2007 a xaneiro de 2008. O equipo artístico e técnico da montaxe reuniuse de novo para preparar este regreso aos escenarios, para o que están previstas nove funcións en xullo: o día 4 no Teatro Circo de Braga, do 11 ao 13 no Festival de Teatro Clásico

de Almagro, onde o CDG ofrecerá unha versión en español, e do 21 ao 25 no Salón Teatro de Santiago, espazo no que este espectáculo xa foi representado o pasado ano colgando o cartel de non hai billetes en repetidas ocasións.

As cifras de público confirman o grao de expectación suscitado por *Noite de Reis* durante a súa pasada xira por diferentes escenarios galegos, cun balance final de 14.984 espectadores. Este éxito quedou reflectido igualmente en galardóns como os Premios María Casares 2007 ao Mellor Espectáculo, Mellor Dirección, Mellor Actor Secundario (Xan Cejudo), Mellor Escenografía (Baltasar Patiño) e Mellor Ves-

tiario (Gilda Bonpresa); co Premio do Público no Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, e co Premio á Mellor Obra Teatral 2007 do semanario Santiago Siete, concedido a partir dunha enquisa realizada entre os seus lectores.

Rebeca Montero, María Bouzas, Xosé Manuel Olveira Pico, Marcos Orsi, Susana Dans, Víctor Mosqueira, Xan Cejudo, Marcos Correa, Borja Fernández, Simone Negrin e os músicos Bernardo Martínez, Suso Alonso e Ramón Orencio conforman o elenco interpretativo desta comedia mediterránea chea de tolemias e enredos amorosos.

+ info en
www.centrodramatico.org



Noite de Reis

ÉXITO DE ORGANIZACIÓN E PARTICIPACIÓN NO MOV-S GALICIA 2008

O Mov-s Galicia 2008, o espazo para o intercambio internacional da danza e as artes do movemento que se celebrou na illa de San Simón entre o 15 e o 18 de xuño a cargo do Centro Coreográfico Galego e o Mercat de les Flors de Barcelona, constituíu un rotundo éxito de organización e de participación tanto no seu apartado para a reflexión profesional como no de exhibición artística.

Máis de 200 profesionais de todos os ámbitos da danza (80 deles galegos) asistiron a este encontro, que serviu de plataforma internacional a distintas propostas coreográficas producidas en Galicia, e onde onde se definiron, por medio de participativas mesas de debate, grupos de traballo, reunións paralelas e presentacións de proxectos, as condicións óptimas para a creación coreográfica. O intenso programa de actividades, que tivo tamén a súa extensión ao público en distintos espazos da cidade de Pontevedra, serviu ademais para dar a coñecer e entender as claves da danza na actualidade.

CONCLUSIÓNS

No apartado de conclusións derivadas das mesas de traballo e no que se refire en concreto ás políticas culturais, os asistentes coincidiron en destacar a importancia da transversalidade, entendida no seu aspecto cultural como o traballo con distintas disciplinas artísticas; pero tamén como o desenvolvemento das distintas áreas que afectan ao mundo da



Iván Marcos



Entremáns

danza que conforman os proxectos culturais. Neste sentido, profesionais como Rui Horta de O Espazo do Tempo, Maral Kakefian de La Casa Encendida ou Xesús Ron da Sala Nasa concordaron na necesidade de que estruturas deste tipo desenvolvan ao mesmo tempo e coa mesma intensidade todas as liñas de actuación –enfocadas ao apoio á creación, á investigación, á vinculación co cidadán, etc.– nos diferentes ámbitos da creación artística.

Destacouse tamén a importancia de promover a circulación de artistas e a relación entre eles, creando espazos de colaboración e intercambio. O apoio aos proxectos de residencia e ás bolsas de estudo internacionais como ferramentas para estimular a creatividade e a investigación foron outros dos aspectos nos que se incidiu. No tocante ás políticas culturais que favorecen a creatividade, Hugo de Greef, director xeral do FLAGEY de Bélxica, destacou que “non se trata só de crear un espectáculo concreto senón de crear sinerxías que modifiquen e enriquezan o imaxinario dos artistas que pasan por un centro”.

DIÁLOGO ARTÍSTICO COA ILLA

Ademais da reflexión e da teorización, no Mov-s Galicia 2008 presentáronse distintas propostas artísticas, a maioría de artistas galegos, que se exhibiron na capela e en distintas localizacións exteriores, o que propiciou unha programación a xeito de diálogo entre o artista e a propia illa. Poideronse contemplar pezas concibidas especificamente para a ocasión como *Entre polvo y gusanos* de Marco Regueiro (Cía. Lucier) ou *Ecdisis*, creación do CCG para o Mov's dirixida por Erick Jiménez. Outros traballos xa estreados adaptáronse especialmente para os espazos da illa, como foi o caso de *Play*, da compañía Play & Rewind ou *Hoxe na rúa...* da coreógrafa Estela Lloves. As propostas artísticas do Mov-s Galicia 08 pecháronse o martes 17 cun serán no que participaron as Pandereteiras de Toutón, un fin de festa co que se homenaxeou e resaltou a importancia que para a creación contemporánea teñen a tradición e as raíces dos pobos.



Kiosco das almas perdidas

'KIOSCO DAS ALMAS PERDIDAS' REPRESENTASE NO FESTIVAL GREC DE BARCELONA

Kiosco das almas perdidas, última produción do Centro Coreográfico Galego, representase dentro do Festival Grec de Barcelona, no que se desenvolven, entre o 25 de xullo e o 2 de agosto, máis de 60 actuacións de teatro, música, danza e novo circo en diferentes espazos escénicos da cidade.

A peza que dirixiu Roberto Oliván con música de Mercedes Peón, inspirada nun mítico local do porto vigués do Berbés, pechará a programación específica de danza do Grec con dúas funcións, os días 19 e 20 de xullo ás 21.00 horas, no teatro do Mercat de les Flors.

A creación do Centro Coreográfico Galego para a temporada 2008, que compartirá carteleira en Barcelona con compañías como Lanómina Imperial, Sasha Waltz, Jeremy Wade, My Favourite Thing ou Vitrones III, retornará a Galicia para actuar o 25 de xullo na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

+ info en www.barcelonafestival.com

UN TOTAL DE 26 ALUMNOS PARTICIPAN NO FESTIVAL DE CONTRABAIXO LUDWIG STREICHER

Un total de 26 alumnos galegos e de fóra de Galicia asisten desde o 1 de xullo ao VII Festival de Contrabaixo "Ludwig Streicher" que, organizado pola Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM), se desenvolve até o vindeiro día 9 en diferentes espazos de Santiago de Compostela e Vigo. Ademais do programa lectivo, o encontro é tamén o marco para a celebración dunha serie de concertos e da exposición dos contrabai-xos do mestre luthier Anton Holzlechner, que pode visitarse na aula de Pedagogía da EAEM.

O profesor Carlos Méndez coordina este encontro, que naceu grazas á iniciativa dun grupo de antigos alumnos do contrabaixista austríaco Ludwig Streicher na Escola Superior de Música Raíña Sofía de Madrid. A sede da EAEM acolle a maior parte do programa lectivo –clases individuais de repertorio solístico, e por grupos de repertorio orquestral, de música de cámara e de jazz– impartidas por Antonio García Araque, ex-contrabaixo principal da Orquestra Nacional de España e profesor na Escola Superior de Música de Cataluña e na Raíña Sofía, como profesor convidado. Carlos Méndez, contrabaixo principal da Real Filharmonía de Galicia e profesor da EAEM, e Luis Navidad, ex-solista da Orquestra da Co-




munidade de Madrid e axuda de solista da Orquestra Nacional de España, imparten as sesións de repertorio solístico; Damián Arenas, contrabaixo *tutti* da Orquestra Sinfónica de RTVE, de repertorio orquestral; Roberto Terrón, contrabaixo co-principal da Orquestra de RTVE, de música de cámara; e Alfonso Morán, contrabaixo co-principal da Real Filharmonía, de jazz. Os pianistas Ángel Gago e Lorenzo de los Santos acompañanos no desenvolvemento das clases.

Ademais, e por primeira vez na historia do Festival, Vigo acolle tamén unha das actividades do encontro: a *master-class* protagonizada polo trompeta

Markus Stockhausen e o contrabaixo Stefano Scodaninbbio no Auditorio Superior de Música, grazas á colaboración do Festival Internacional de Jazz "Imaxina Sons".

Canto ao programa paralelo, celébranse un total de seis concertos a cargo do Ensemble FONOS21 (Auditorio da EAEM, día 2), o grupo de jazz Vizinhos de Morão (Dado Dada Jazz Club, día 3), Cuarteto de Contrabai-xos Gravissimo (San Martiño Pinario, día 5, organizado polo Festival Via Stellae), Antonio García Araque, acompañado por Ángel Gago ao piano (Auditorio de Galicia, día 6), e os alumnos do Festival (Auditorio da EAEM, días 8 e 9).

novidades



Non chores, Sabeliña! Zarzuela galega

Gustavo Freire Penelas (música), José Trapero Pardo (texto)

Edita: IGAEM-Dos Acordes
Colección Ars Gallaeciae Musicae.
Serie Agra Vella, nº 21
ISSN: 979-0-9013138-1-1 / PVP: 50 €

Escrita en 1942, trátase probablemente da derradeira das zarzuelas galegas. Esta publicación consta dunha partitura para orquestra e da correspondente redución para canto e piano. Acompaña as partituras como material anexo o CD coas partes orquestrais.

Non chores, Sabeliña! Zarzuela galega, suite para banda

Gustavo Freire Penelas (música), José Trapero Pardo (texto)

Edita: IGAEM-Dos Acordes
Colección Ars Gallaeciae Musicae,
Serie Ávrego, nº 4
ISSN: 979-0-9013138-6-6 / PVP: 30 €


Versión para banda desta zarzuela. Como material anexo, acompaña as partituras o CD coas partes orquestrais.

Literatura dramática. Unha introdución histórica

Manuel F. Vieites (coord.)

Edita: IGAEM-Editorial Galaxia
Colección Biblioteca de Teatro.
Serie Grandes Manuais, nº 2
ISBN: 978-84-453-4613-6 / PVP: 50 €

Concibido cunha orientación divulgativa, este libro ofrece un percorrido polas que foron as etapas máis importantes na historia da creación dramática, prestando especial atención á tradición occidental.

02 MÉRCORES		CDG <i>Estigma</i> A Coruña 20.30 h TEATRO COLÓN	 ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS: VII FESTIVAL DE CONTRABAIXO LUDWIG STRECHER	Ensemble FONOS21 Santiago 20.00 h AUDITORIO DA EAEM	02 MÉRCORES	
03 XOVES		CDG <i>Estigma</i> A Coruña 20.30 h TEATRO COLÓN		Vizinhos de Morão Santiago 22.30 h Santiago JAZZ CLUB DADO-DADÁ	03 XOVES	
04 VENRES		CDG: <i>Noite de Reis. Ou o que queirades</i> Braga 21.30 h TEATRO CIRCO			04 VENRES	
05 SÁBADO					05 SÁBADO	
06 DOMINGO					06 DOMINGO	
08 MARTES					08 MARTES	
09 MÉRCORES					09 MÉRCORES	
11 VENRES	CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> Carballo 22.30 h PAZO DA CULTURA	CDG: <i>Noite de Reis (...)</i> Almagro 22.45 h LA CASA DE LOS MIRADORES (Festival de Teatro Clásico)				11 VENRES
12 SÁBADO		CDG: <i>Noite de Reis (...)</i> Almagro 22.45 h LA CASA DE LOS MIRADORES (Festival de Teatro Clásico)				12 SÁBADO
13 DOMINGO		CDG: <i>Noite de Reis (...)</i> Almagro 22.45 h LA CASA DE LOS MIRADORES (Festival de Teatro Clásico)				13 DOMINGO
17 XOVES	CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> Xixón LABORAL ESCENA (Show-case do Instituto Cervantes)				17 XOVES	
19 SÁBADO	CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> Barcelona 21.00 h MERCAT DE LES FLORS (Festival Grec)			19 SÁBADO		

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS:
VII FESTIVAL DE CONTRABAIXO LUDWIG STREICHER



20 DOMINGO	CDG <i>Estigma</i> Ribadavia 23.00 h AUDITORIO DO CASTELO (Mostra Internacional de Teatro)	CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> Barcelona 21.00 h MERCAT DE LES FLORS (Festival Grec)	20 DOMINGO
21 LUNS	CDG: <i>Noite de Reis. Ou o que queirades</i> 21.30 h		21 LUNS
22 MARTES	CDG: <i>Noite de Reis. Ou o que queirades</i> 21.30 h		22 MARTES
23 MÉRCORES	CDG: <i>Noite de Reis. Ou o que queirades</i> 21.30 h		23 MÉRCORES
24 XOVES	CDG: <i>Noite de Reis. Ou o que queirades</i> 21.00 h		24 XOVES
25 VENRES	CDG: <i>Noite de Reis. Ou o que queirades</i> 21.30 h	CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> Ribadavia 23.00 h AUDITORIO DO CASTELO (Mostra Internacional de Teatro)	25 VENRES

SALÓN TEATRO SANTIAGO DE COMPOSTELA

Centro Dramático Galego
Centro Coreográfico Galego
Escola de Altos Estudos Musicais

[...] CONVOCATORIAS AGADIC

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
Plan de Formación Permanente en Artes Escénicas 2008	A AGADIC e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) organizan a segunda edición deste programa formativo: – Iluminación, con Miguel Ángel Camacho (ESAD, Vigo: do 8 ao 10 de setembro). – Corpo creativo: do laboratorio á escena, con Andreu Raich e Elisenda Renom (SGAE, Santiago: os mércores do 17 de setembro ao 3 de decembro). – Expresión oral, con Nuria Montero Gullón e Cristina Domínguez (SGAE, Santiago: os luns do 22 de setembro ao 15 de decembro). – Taller de interpretación, da análise á acción, con Iaroslav Bielski (SGAE, Santiago: do 24 ao 28 de novembro).	Profesionais das artes escénicas de Galicia. 20 prazos para cada curso. Máis información: ESAD de Galicia Tel. 986 246 399 Correo-e: esad.galicia@edu.xunta.es	Até 15 días antes do inicio de cada curso
Curso “Produción, xestión e distribución de espectáculos”	A AGADIC colabora coa SGAE na organización deste curso de 96 horas lectivas, que Robert Muro impartirá en Compostela entre os vindeiros meses de setembro e decembro. O obxectivo é dotar aos participantes de instrumentos prácticos e teóricos para o desenvolvemento de proxectos escénicos.	Xestores culturais, alumnos das escolas de formación escénica, integrantes de compañías de danza e teatro, directores, intérpretes. Prazas limitadas. Máis información: ARTeria Noroeste. Tel. 981 569 183 gnieves@sgae.es	11 de setembro

2. OUTRAS CONVOCATORIAS

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Convocatorias Iberescena 2009	O Fondo Iberoamericano de Axuda Iberescena abre o prazo de presentación de catro novas convocatorias:	Máis información en www.iberescena.org	18 de xullo
	Escritura dramática e coreográfica	Autores e coreógrafos profesionais dos países membros de Iberescena.	
	Formación en produción e xestión para os profesionais das artes escénicas iberoamericanas	Centros públicos de produción, compañías independentes, empresas privadas de produción e/ou xestión, universidades e centro de formación, organizacións ou asociacións relacionadas co sector, ámbitos profesionais independentes.	
	Circulación de espectáculos	Circuitos, redes de distribución, festivais e espazos escénicos que cumpran os requisitos esixidos.	
	Coprodución de espectáculos de teatro e danza iberoamericanos	Entidades ou institucións públicas ou privadas, grupos e compañías profesionais de teatro e danza cuxas actividades contribúan a fornecer os plans de cooperación e integración de Iberescena.	

AGADIC

CDG Producións con distribución pechada (*)				
Noite de Reis. Ou o que queirades				
Producións con distribución en curso				
CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Ourense	Valdemuller	5	124,00	424,96 €
Narón	Valdemuller	4	90,50	365,00 €
Tuí	Valdemuller	3	247,67	390,17 €
Pontevedra	Valdemuller	2	127,00	293,75 €
Carballo	Valdemuller	2	280,00	[GRATUÍTAS]
Santiago	Valdemuller	19	110,63	328,26 €
O Barco	Valdemuller	2	269	[GRATUÍTAS]
Valencia	Valdemuller	5	184	[GRATUÍTAS]

CCG Producións con distribución en curso				
CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
A Coruña	Kiosco das almas perdidas	3	304,33	1.028,20 €
Vigo	Kiosco ...	2	427,50	3.152,50 €
Pontevedra	Kiosco ...	2	263,50	747,00 €
Vilagarcía	Kiosco ...	1	114,00	192,00 €
Xixón	Kiosco ...	2	134,5	685,36 €
Santiago	Kiosco ...	2	342	1.162,00 €
Narón	Kiosco ...	1	171	945,60 €
Cádiz	Kiosco ...	1	335	1.184,40 €
Reus	Kiosco ...	2	306,5	1.480,50 €
Sevilla	Kiosco ...	2	72,5	443 €
Tuí	Kiosco ...	1	223	990,00 €

SALÓN TEATRO				
COMPañÍA	ESPECTÁCULO	Nº FUNC	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Ángels Margarit	Larandland	2	84	487,50 €
Cía. Mudances				
Factoría Escénica Internacional	El agresor	2	48	195,00 €
Cía. Daniel Abreu + CCG	Negro	2	88	477 €
Sinsal	Matt Valentine & Erika Elder + Igloo	1	91	518,00 €
Sinsal	Michael Gira + (r)	1	87	554,00 €
Voadora	PeriFeria	2	149,5	137,50 €
Sinsal	Baby Dee + O Fillo Pausado	1	145	1.152,00 €
Uróc Teatro	Ados@dos	2	69	441,50 €
CDG	Valdemuller	19	110,63	328,26 €

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
O regreso ao deserto (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
Tarárá Chis Pum (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
A Piragua (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
Vacuo (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
Noite de Reis (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	32	3.305	37,97%	11.938,00 €
Noite de Reis (CDG)	7	2.670	68,95%	15.913,20 €
Valdemuller (CDG)	42	6.099	40,48%	11.579,80 €
Kiosco das almas perdidas (CCG)	19	4.849	31,26%	21.736,31 €

(*) Desglose en anteriores números de e_scena

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS				
COMPañÍA	Nº FUNCIOÑS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN	
40 Pasos	4	237,75	1290,1 €	
Abada Teatro-Carlos Blanco	7	323,71	1583,57 €	
Artello Teatro Alla Scala 1:5	6	112,5	186,38 €	
Artesán Teatro	3	81,33	195,83 €	
Bacana	11	100,45	420 €	
Bengala Producións	1	500	0 €	
Berrobambán Teatro	6	198	567,63 €	
Caramuxo Teatro S. C.	6	129,67	253,17 €	
Chrystyan Magic	5	197	354,36 €	
Cía. Daniel Abreu	1	47	80 €	
Colectivo Danzón	1	89	185 €	
Cuarta Pared	6	130	732,07 €	
Cyrille Sinclair de Magia a la Carta	3	186,67	321,83 €	
Dani García	1	115	115 €	
Decamerón e Cía.	1	30	75 €	
Disque Danza	7	141,43	350,32 €	
Dúo Dürichen-Permuy	1	110	180 €	
Ensemble Vigo 430	1	66	198 €	
Entremans	4	67,75	282,5 €	
Espello Cóncavo	5	149,2	298,2 €	
Fulano, Mengano e Citano	10	89,4	216,82 €	
Galitoon	11	234,73	511,64 €	
Grupo de Música Antiga 1500	2	41,5	93,75 €	
Grupo de Música Antiga Martín Códax	1	86	56 €	
Ilusionista Pedro Volta	1	68	240 €	
Javier Muro	6	126,17	244,53 €	
La Imagina Machina	8	109,5	309,4 €	
Lagarta Lagarta	3	102,33	199 €	
Luis Boyano	2	97,5	234 €	
Mago Benxamin	2	237,5	422 €	
Mago Calí	1	169	655 €	
Mago Norberto	2	222	313,38 €	
Mago Pablo	2	237,5	325,65 €	
Mago Xacobe Sanz	3	243,67	438,2 €	
Malasombra	6	110,33	381,42 €	
Marco González Tango Argentino	2	191	222,5 €	
Migallas Teatro	5	111	211,2 €	
Mofa e Befá	4	135,5	502 €	
Musik-Walk	3	65,67	226 €	
Nunca +1	3	76,33	211,33 €	
Nut Teatro	4	79,75	176,63 €	
O Mago Teto	3	131	311,67 €	
Orquestra de Cámara de Galicia	2	107	246 €	
Os Monicreques de Kukus	13	128,62	221,27 €	
Os Quinquilláns	4	216,5	426,63 €	
Pisando Ovos	1	48	76,5 €	
Pistacatro Productora de Soños	9	189,89	838,56 €	
Producións Acontrabutaca	3	135	383,81 €	
Quinteto de Vento Metal Santa Cecilia	3	113,67	238,33 €	
Román García	2	60	195 €	
Sapristi	3	164,67	312 €	
Sarabela Teatro	7	216	1366,21 €	
Talia Teatro	28	166,68	425,32 €	
Tanxarina Títeres	5	150,8	216,9 €	
Teatro de Adro	6	94	422,17 €	
Teatro de Ningures	13	116,54	403,69 €	
Teatro del Andamio	6	113,33	273,42 €	
Teatro do Atlántico	7	164,86	520,07 €	

Teatro do Morcego	12	177,33	777,88 €
Teatro do Noroeste	7	62,57	288,43 €
Teatro Ensalle	1	58	84 €
Teatro Galileo	8	151,5	724,25 €
Teatro Lope de Vigo	6	90	203,17 €
Títeres Cachirulo	6	172,5	253,98 €
Títeres Trompicallo	7	172,86	303,07 €
Trakatap	1	71	87 €
Vocalise	1	157	345 €
Volta e Dálle Teatro	3	97	420,33

CONCELLOS/ENTIDADES				
COMPañÍA	Nº FUNCIOÑS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN	
A Coruña (IMCE)	24	211	865,79	
A Coruña (Teatro Colón Caixa Galicia)	3	213,33	746	
A Estrada	10	109,3	297,7	
Ames	11	92	188,8	
Arteixo	9	156,67	352,15	
As Pontes de García Rodríguez	4	108,25	149,38	
Betanzos	4	118,75	316,88	
Boiro	7	156,43	244,07	
Burela	5	236,6	728,3	
Cambados	5	142,4	174,6	
Cangas de Morrazo	7	172,57	598,86	
Carballo	15	103,2	229,17	
Cedeira	9	126	171,61	
Cee	8	87,75	205,88	
Culleredo	5	45,6	81,5	
Ferrol	10	88,3	292,2	
Foz	10	94,6	210,75	
Lalín	3	74	200,33	
Lugo	5	195,4	480,8	
Mondoeño	4	63	224,38	
Monforte de Lemos	3	83,33	151,33	
Muros	9	106	194	
Narón	8	236,38	1329,1	
Noia	3	91	204	
O Barco de Valdeorras	7	124,14	519,29	
O Carballiño	3	62	166,67	
Oleiros	5	157,4	516,3	
Ortigueira	4	45,75	126,38	
Ourense (Teatro Principal)	8	174,38	1103	
Ourense (Auditorio Municipal)	6	198,33	358,5	
Ponteareas	4	199	485,63	
Pontevedra	11	346,27	924,59	
Redondela	9	225,44	481,33	
Ribadeo	6	138,67	308,33	
Sada	8	125,38	130,5	
San Sadurnniño	7	54,57	113,5	
Santiago de Compostela	24	133,79	346,04	
Sanxenxo	4	122,5	491,25	
Tui	7	211,86	574,79	
Vigo (Auditorio Municipal)	15	141,93	404,33	
Vigo (C.C. Caixanova)	5	196,4	1423	
Vilagarcía de Arousa	2	75,5	121	
Vilalba	6	65,67	142	
Viveiro	6	147,67	354,83	

TOTAIS RGTA (até abril)	2006	2007	2008
Funcións	211	268	328
Público	36.009	32.458	47.772
Ocupación	42,27%	30,73%	37,88%
Facturado	118.603,40 €	99.408,31 €	141.960,49 €

en escena

Registro de datos
XANEIRO-ABRIL 2008

GRUPOS

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
A Tuna Rastafari	3	160,33	511,33 €
Aguardiente Swing Quartet	6	50,5	193,67 €
Alberto Pérez	6	60	247,58 €
Alegales	4	59,75	106 €
Álvaro Muras	5	31,6	52,4 €
Álvaro Vieito Trío	7	37	95,71 €
Ataque Escampe	3	39,67	94 €
Avelaiña	2	34,5	84 €
Balakandra	3	28,33	59,67 €
Bruno T. Ford	6	29,17	79,5 €
Bukowski Blues Trio?	7	34	78,57 €
Capitán Furilo	6	38,5	75,5 €
Carlos Childe Troupe	4	33,25	105,25 €
Carlos López Quartet	2	20	86 €
Carmen Dor	2	41	103,5 €
Coanhadeira	3	30	56,67 €
Colectivooruga	1	33	99 €
Cool Beat	1	3	45 €
Cornelius	10	71,3	209,9 €
Détour	4	28,5	76 €
Día de Furia	2	86,5	252 €
Dismal	3	78	317 €
Dorian Gray	7	25	58 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	4	65,25	249,25 €
El Cubo	4	60,5	199,75 €
Elodio y Los Seres Queridos	3	66,33	182 €
Emma Placer	7	44	100,43 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	4	36,5	123,5 €
Fernando Esclusa	5	30,6	74,6 €
Grasa	6	33,33	67,83 €
Gustavo Almeida & Brazilian Night	6	38,33	101 €
Heissel	6	67,5	200,83 €
Holywater	3	69	244,33 €
Hot3 Sss	3	29	88 €
Igloo	6	71,83	228,83 €
Ivan & Josito	3	50,33	136 €
Jabón Blue	4	63,5	150,75 €
Jaso&boo Jazz Performance	5	19,2	40,8 €
Jato Neiro Jazz Trío	3	18,33	52 €
Jugoplastika	4	40,75	115 €
Kin García Trío	3	39,67	159 €
Kogito	2	50	159,5 €
Le Punk	3	69	221,67 €
Little Albert Boogie Band	5	28,6	66 €
Los Casanovas	3	31	83 €
Los High Sierras	4	56	165,75 €
Machina	1	30	90 €
Mama Boogie	2	31,5	94,5 €
Marcos Meléndrez e Gastón Rodríguez Tango Bar	6	47	124,83 €

GRUPOS

Miki Nervio & The Bluesmakers	3	85	283 €
Mitocondrias	3	38,33	110 €
Moondogs Blues Party	4	39,5	90,25 €
Mr. Dixie Jazz Band	5	37,8	195,8 €
Niño y Pistola	4	44,5	140 €
O Leo I Arremecághona!	3	55,33	127 €
O Sonoro Maxín	3	69,67	199 €
Pacífico	5	75,8	222,6 €
Pepa e Davide & Madame Cell	3	55,67	139 €
Renato Spencer & Café Caxaça	1	16	48 €
Rockers Go To Hell	3	67	205 €
Samuel Levi	2	14	33 €
Sax Machine	4	18,5	35 €
Stereotipos	4	35,75	107,5 €
Sumrrá	2	39,5	136 €
Sweet Oblivion Band	5	65,4	142 €
Swingpool	2	51,5	99 €
Tangata	4	34,25	100,5 €
The Blows	6	104,5	447 €
The Turre's Band	2	60,5	121,5 €
Ton Martínez-Risco	3	35,33	146,67 €
Jacobo de Miguel Dúo			
Tonhito de Poi e Rasaloba	2	61,5	173,75 €
Transilvanians	3	134,67	495,33 €
Ú-lo Trío?	4	36,5	110 €
Vetusta Morla	6	151,67	526,17 €
Vozes da Rádio	6	50,17	179,67 €
We Are Balboa	5	40,6	128,2 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
A Fragua (Redondela)	8	25,75	43,75 €
Ache (Marín)	4	76,5	324,38 €
Aturuxo (Bueu)	11	96,55	354,64 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	6	54,5	114,67 €
Babel (Lugo)	5	72,8	277,4 €
Badulake (Ordes)	6	28,83	70,5 €
Bar Liceum (O Porriño)	7	66,57	224,57 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	9	53,33	160 €
Borriquita de Belém (Santiago)	6	46	106,33 €
Café-cultural Roí Xordo (Allariz)	6	47	136,17 €
Catro Camiños (A Rúa)	3	43,33	86,67 €
Clandestino (Nigrán)	5	33	120,2 €
Clavicémbalo (Lugo)	14	34,5	88,86 €
€Contrabajo (Vigo)	8	28,38	101,88 €
Disco-sala Ogmios (Cariño)	1	44	132 €
El Ensanche (Vigo)	10	36,5	113,1 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	2	84	222 €
Forum Celticum (Culleredo)	6	78	180 €
Garufa (A Coruña)	6	44,33	118 €

SALAS

Jazz Filloa (A Coruña)	4	35,25	176,25 €
Jazz Vides (A Coruña)	11	45,36	191,27 €
La Casa de Arriba (Vigo)	12	35,42	101,67 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	15	81,53	230 €
La Galeríajazz (Vigo)	5	17,6	88 €
La Iguana Club (Vigo)	4	113,75	419,25 €
Manteca Jazz (Vigo)	2	60,5	285 €
Marrucho (Baiona)	4	58	151,75 €
Micos (Cariño)	7	27	54 €
O con do Moucho (A Illa de Arousa)	3	51,67	111 €
Planeta (Sarria)	5	45,4	173,6 €
Pub o Muíño (Cervo)	5	39	91,4 €
Pub D'antón Rock Café (A Laracha)	9	61,11	189,17 €
Pub Gatos (Melide)	11	32,09	89,45 €
Pub Leblón (Pontecaldelas)	8	27,88	37,63 €
Sala Run Run (Ferrol)	8	61,38	212,5 €
Sala 600 (Melide)	5	80,6	145,8 €
Sala Clan (Xinzo de Limia)	8	71,75	213,38 €
Sala Karma (Pontevedra)	7	54,14	251,71 €
Sala Mogay (Chantada)	7	59,57	178,71 €
Salason (Cangas do Morrazo)	6	62,83	209 €
Salón Parroquial (Ponteareas)	5	60	81,6 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra)	5	52	120 €
Verbum Jazz (Vigo)	7	32,86	86,29 €
Woodstock (Sanxenxo)	6	34,67	104 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	7	35,43	100,71 €

TOTAIS RGMV (até abril)	2007	2008
Funcións	353	299
Público	17.443	15.221
Ocupación	25,27%	37,91%
Facturado	42.658,50 €	46.069,00 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECT/ FUNCION	FACT/ FUNCION
Sala Nasa (Santiago)	16	41,44	240,88 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	30	33,27	122,13 €
Teatro Ensalle (Vigo)	18	18,56	126 €

TOTAIS RGS (até abril)	2007	2008
Funcións	70	64
Público	2.539	1.995
Ocupación	35,97%	48,95%
Facturado	13.504,00 €	9.786,60 €



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

AGADIC Rúa da Vesada s/n.
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
igaem@xunta.es / www.agadic.info